

Novela de formación.

Sinxelo e traballado estilo

Estro Montaña, *Faro de Vigo*, 25 de xaneiro de 2024

Nos últimos anos do século XIX destacou en Italia a figura de Ada Negri (1870-1945), a primeira muller que entrou na Academia daquel país. De orixe humilde, tras obter o título de mestra, acadou nesa altura grande sona polos poemarios *Fatalità* e *Tempestes*, de contido filosocialista. Filántropa e preocupada polos temas sociais, estivo en contacto cos seguidores de Mussolini e co tempo sería unha intelectual orgánica, que recibiu premios do réxime. O propio *duce* escribiría o prólogo da súa novela *Luceiro da mañá* (1921). Esta obra, vertida ao galego por Hugin e Munin, podería servir de exemplo de como as experiencias autobiográficas da nenez e adolescencia dunha nena pobre se transforman en relato de éxito, xa que a autora emprega como arxila dunha narración moi aplaudida a súa infancia na portería do palacio lombardo da familia Barni –onde traballaba a avoa–, as dificultades da nai –obreira que por escaseza de recursos renuncia a un fillo–, os seus paseos, a primeira visita do Nuncio, a súa inclinación poética... Todos estes elementos forman parte dunha novela de formación escrita en terceira persoa, pero que responden a un eu que fai aflorar as lembranzas máis vivas e conmovedoras. Ada Negri revive con melancolía as humillacións, a miseria e a tristeza do apartamento do Palazzo Barni, pero tamén os días de sol, de contacto coa natureza e coas historias maravilosas que rodearon o seu mundo. Con estilo de aparencia sinxela, pero moi traballado, afonda na vida da nai e da avoa, e a través de Dinin, o seu álter ego, achéganos un relato no que xa abrolla a modernidade do fluxo de conciencia no emprego do punto de vista. Lectura recomendable, cómpre engadir aínda que se trata dunha edición –con tradución e notas de Isabel Soto– moi ben coidada.